

**ACTA DA SESIÓN Nº 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR
PROCEDEMENTO ABERTO PÚBLICO: CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE SEGURIDADE XERAL
DO RECINTO FEIRAL E PARTICULAR PARA CADA CERTAME FEIRAL E CONGRESUAL PARA A
FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006/2010-02)**

DATA: 16 de decembro de 2010. 11:30 h.

LUGAR: Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

ASISTENTES:

- D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente
- D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos), Vogal
- D. Miguel Sánchez Varela (Director Comercial), Vogal
- D^a. Silvia Regal López (Directora de Comunicación e Marketing), Vogal
- D. Manuel Bernárdez Carbón (Responsable de Compras), Secretario

Como continuación á sesión nº 2 mantida o día 10 de decembro procédese a nova reunión da comisión de contratación composta polos membros arriba indicados procedendo a apertura pública do sobre "C".

Decídese excluír á empresa SEGUR 10 VIGILANCIA, S.A. por non presentar o certificado de estar inscrita no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas conforme se esixía no apartado 13.2 dos pregos.

Procédese a unha explicación dos factores de adxudicación, tendo maior peso na valoración final os servizos mais utilizados, aplicando para isto o factor do cadro seguinte:

Hora axente seguridade con arma diúrno	Hora axente seguridade con arma nocturno	Hora axente seguridade sen arma diúrno	Hora axente seguridade sen arma nocturno
5%	5%	45%	45%

A continuación procédese a apertura dos sobres "C" dos licitadores admitidos, dando lectura á oferta económica.

Unha vez feitos os cálculos conforme ós factores ditos anteriormente obtéñense as seguintes puntuacións


Empresa Licitadora	SOBRE "B"	SOBRE "C"	TOTAL VALORACION SOBRES B+C
Securitas, Seguridad España, S.A.	46,40	50,00	96,40
Eulen Seguridad, S.A.	47,60	47,60	89,21


Unha vez finalizada a reunión e examinada con detemento a documentación aportada por SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. respecto ó certificado de clasificación obsérvase que a empresa formalizada que cumpre os requisitos esixidos no apartado 13.2 dos pregos en canto a estas inscrita no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas nos se corresponde ca empresa que presentou a oferta, polo que a mesa de contratación exclúe dita oferta por non presentar a documentación esixida nos pregos.


Á vista dos resultados, a mesa de selección propón ó órgano contratación a adxudicación do concurso **"SERVICIO DE SEGURIDADE XERAL DO RECINTO FEIRAL E PARTICULAR PARA CADA CERTAME FEIRAL E CONGRESUAL PARA A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006/2010-02)"** á empresa **EULEN SEGURIDAD, S.A.** polos importes unitarios que a continuación se detallan (importes sen IVE):

- **Hora diúrna sen arma: 17,00.-€.**
- **Hora nocturna sen arma: 18,00.-€.**
- **Hora diúrna con arma: 17,20.-€.**
- **Hora nocturna con arma: 18,20.-€.**

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende

 Presidente

D. Carlos Mato Montoto

 Vogal


D. Miguel Sánchez Varela

 Vogal

D^a. Silvia Regal López



Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón



Secretario